



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. De acordo co artigo 69.4 da Lei de Saúde de Galicia, en cantos distritos sanitarios se configura o sistema público de saúde de Galicia?**

- A) 14.
- B) 12.
- C) 10.
- D) Non se contemplan os distritos sanitarios na configuración territorial do sistema público de saúde de Galicia.

**2. De acordo co artigo 1 da Constitución, cal dos seguintes NON é un valor superior do ordenamento xurídico español?**

- A) Liberdade.
- B) Solidariedade.
- C) Xustiza.
- D) Pluralismo político.

**3. Sinale o enunciado correcto:**

- A) O consentimento deberá recabarse polo médico designado polo centro sanitario para a atención do paciente e polo que practique a intervención diagnóstica ou terapéutica do propio paciente.
- B) O consentimento deberá recabarse polo médico designado polo centro sanitario para a atención do paciente ou polo que practique a intervención diagnóstica ou terapéutica do propio paciente.
- C) O consentimento deberá recabarse por calquera médico do centro sanitario ou polo que practique a intervención diagnóstica ou terapéutica do propio paciente.
- D) O consentimento deberá recabarse sempre polo médico que practique a intervención diagnóstica ou terapéutica do propio paciente.

**4. A grave agresión a calquera persoa coa que se relacionen no exercicio das súas funcións constitúe unha falta disciplinaria:**

- A) Leve.
- B) Grave.
- C) Moi grave.
- D) Non se contempla a dita conduta como falta disciplinaria no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

**5. O artigo 1.1. do Estatuto de Autonomía sinala que Galicia, nacionalidade histórica, se constitúe en Comunidade Autónoma para acceder ao seu:**

- A) Autonomismo.
- B) Autoxestión.
- C) Autodeterminación.
- D) Autogoberno.

**6. O sistema público de saúde de Galicia ordéase territorialmente en:**

- A) Áreas sanitarias, hospitais comarcais e zonas de Atención Primaria.
- B) Áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.
- C) Xerencias de xestión integrada, distritos sanitarios e zonas sanitarias.
- D) Xerencias de xestión integrada, distritos sanitarios e comarcas sanitarias.

**7. A Lei de prevención de riscos laborais denomina ao órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos:**

- A) Comisión de Prevención de Riscos Laborais.
- B) Comité de Seguridade e Sanidade Interior.
- C) Comité de Seguridade e Saúde.
- D) Comité de empresa.

**8. En que ano se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia?**

- A) 1980.
- B) 1981.
- C) 1978.
- D) 1996.

**9. A puntuación máxima da fase de concurso polo sistema de selección do concurso-oposición non poderá exceder:**

- A) Do corenta por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo.
- B) Do trinta por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo.
- C) Do cincuenta por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo.
- D) Do sesenta por cento da puntuación máxima atinxible no proceso selectivo.

**10. De acordo co artigo 3.3 da Lei Xeral de Sanidade, a política de saúde estará orientada á superación dos desequilibrios:**

- A) Económicos e sociais.
- B) Territoriais e culturais.
- C) Territoriais e sociais.
- D) Económicos e territoriais.

1. A detención preventiva non poderá durar máis do tempo estritamente necesario para a realización das pescudas tendentes ao esclarecemento dos feitos, e, en todo caso, o detido deberá ser posto en liberdade ou a disposición da autoridade xudicial no prazo máximo de:

- A) 72 horas.
- B) 48 horas.
- C) 96 horas.
- D) 24 horas.

2. De acordo co artigo 3 da Lei Xeral de Sanidade, os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente á:

- A) Promoción da actividade física e prevención do sedentarismo.
- B) Promoción da saúde e á prevención das enfermidades.
- C) Promoción de formas de vida saudables e prevención de condutas aditivas.
- D) Promoción de actuacións sanitarias do sistema de saúde e prevención da saúde mental.